



Galicia

Desenvolvemento dos Acordos do Diálogo Social en Galicia (10/12/2019)

AXUDAS DESTINADAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS, CON 55 OU MÁIS ANOS DE IDADE, POLA EXTINCIÓN DOS SEUS CONTRATOS DE TRABAJO POR PROCEDEREN DE EMPRESAS EN CRISE

CONVOCATORIA PARA O ANO 2020

Obxecto da axuda:

Axudas para paliar a situación económica de persoas traballadoras afectadas, con 55 ou máis anos de idade, pola extinción dos seus contratos de traballo por procederen dunha empresa en crise, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

1

Programa I: Axudas destinadas a financiar as cotas que ingresarán polo convenio especial que teñan subscrito ou subscriban coa Seguridade Social

Persoas beneficiarias

A persoa traballadora ten que estar nalgún dos supostos seguintes:

- Que se teña extinguido o seu contrato de traballo por despedimento ou conforme os artigos 50, 51 e 52 do Estatuto dos traballadores, por proceder dunha empresa declarada insolvente)
- Que se teña extinguido o seu contrato de traballo por despedimento ou, conforme os artigos 50, 51 e 52 do Estatuto dos traballadores, por proceder dunha empresa declarada en concurso.
- Que se teña extinguido o seu contrato de traballo por algunha das causas do artigo 49.1.g) do Estatuto dos traballadores; este aspecto debe estar expresamente recollido na carta de despedimento ou sentenza declarativa.
- Que se teña extinguido o seu contrato de traballo como consecuencia do peche da empresa fundamentado nalgunha das causas contidas nos artigos 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores.

A persoa traballadora ten que cumprir un dos seguintes requisitos:

- Ter 55 ou máis anos, unha antigüidade mínima na empresa de mínimo tres anos, centro de traballo situado en Galicia.
- Que no momento da presentación da solicitude non transcorresen máis de 4 anos desde que se producise a extinción do contrato de traballo, aínda que con posterioridade tivese algún contrato de traballo.
- Ter esgotada a prestación contributiva por desemprego e que a base de cotización media por continxencias comúns dos últimos seis meses de ocupación cotizada na empresa non supere o importe de 2.600 €.

INFORMA



Galicia

AXUDAS DESTINADAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS, CON 55 OU MÁIS ANOS DE IDADE, POLA EXTINCIÓN DOS SEUS CONTRATOS DE TRABAJO POR PROCEDEREN DE EMPRESAS EN CRISE

CONVOCATORIA PARA O ANO 2020

Contía e duración da axuda

Contía e duración da axuda1: A contía mensual será o importe da cota que cómpre aboar por convenio especial á Tesouraría Xeral da Seguridade Social co límite de 500 euros/mes, sendo o límite total da axuda 6.000 euros.

2. A duración da axuda será como máximo 12 mensualidades consecutivas, dentro do período subvencionable que se estableza na convocatoria correspondente.

3. O cómputo do período de 12 mensualidades comezará a contar coa primeira mensualidade que sexa obxecto de axuda e en ningún caso poderá interromperse.

2

Programa II: Axudas de pagamento único dirixidas a compensar as persoas traballadoras da diminución do importe da indemnización recoñecida como consecuencia de sentenza, auto, acto de conciliación xudicial ou resolución administrativa a favor daquelas, a causa dos referidos despedimentos ou extincións de contratos, cando esta é aboada polo Fondo de Garantía Salarial (Fogasa), por proceder dunha empresa en crise, ao ter sido declarada insolvente ou en concurso.

Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras que cumpran os seguintes requisitos:

a

Que durante o período a que se estende a axuda que figurará na convocatoria se teña extinguido o seu contrato de traballo por despedimento ou conforme os artigos 50, 51 e 52 do Estatuto dos traballadores, por proceder dunha empresa en crise, ao ter sido declarada insolvente ou en concurso.

b

Que o importe de indemnización aboado polo Fogasa sexa inferior ao recoñecido en sentenza, auto, acto de conciliación xudicial ou resolución administrativa a favor da persoa solicitante.

c

Que o centro de traballo da empresa onde prestaba servizos a persoa traballadora estea asentado en Galicia.

d

d) Ter feitos 55 anos ou máis.

e

e) Que a antigüidade na empresa de que procede sexa dun mínimo de tres anos.

Contía e duración da axuda

1. A contía, que consistirá nunha cantidade a tanto global, e que en ningún caso poderá superar a cantidade deixada de percibir en concepto de indemnización poderá chegar a ser a seguinte:

a) Persoas traballadoras cunha antigüidade na empresa de entre 3 e 10 anos e cunha base de cotización media por continxencias comúns dos últimos seis meses de ocupación cotizada igual ou inferior a 1.900 euros: a axuda será de 1.350 euros. Se a súa base de cotización media é superior a 1.900 euros, a axuda será de 1.085 euros.

b) Persoas traballadoras cunha antigüidade na empresa superior a 10 anos e cunha base de cotización media por continxencias comúns, durante os últimos seis meses de ocupación cotizada, igual ou inferior a 1.900 euros: a axuda será de 1.950 euros. Se a súa base de cotización é superior a 1.900 euros, a axuda se ráde 1.565 euros.

2. As bases de cotización referidas entenderanse reducidas proporcionalmente para aquelas persoas traballadoras con contratos de traballo a tempo parcial, dando lugar á redución proporcional da contía da axuda.



Galicia

AXUDAS DESTINADAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS, CON 55 OU MÁIS ANOS DE IDADE, POLA EXTINCIÓN DOS SEUS CONTRATOS DE TRABAJO POR PROCEDEREN DE EMPRESAS EN CRISE

CONVOCATORIA PARA O ANO 2020

Prazo de presentación de solicitudes

Comeza o día seguinte ao día da publicación no DOG (nº123 / martes, 23 de xuño de 2020) e permanecerá aberto, con carácter permanente, ata o 31 de outubro de 2020.

Solicitudes

Presentación preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Compatibilidade

Incompatibles con outras axudas públicas que se percibisen para a mesma finalidade e período subvencionable e, igualmente, serán incompatibles entre si as axudas dos dous programas recollidos nesta orde.

Procedemento

Concorrencia non competitiva, atendendo á súa orde de presentación en función de que a documentación estea completa. En todo caso, supeditada á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.